



AVISO

ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN MARTIÑO-A ARMENTEIRA SECTOR I e SECTOR II (MEIS. PONTEVEDRA)

ENQUISAS DE BASES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA

De acordo co establecido nos artigos 19.3 e 42 da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*, comunícaselles a todas as persoas interesadas, que se van entregar ás persoas titulares, ou ás que as representen, o documento resumo no que se relacionan as parcelas de bases que se inclúen nos procesos de reestruturación parcelaria das zonas de San Martiño – A Armenteira sectores I e II.

Durante o período dun mes, a contar dende o **18 de xullo de 2019**, poderán presentarse por escrito as alegacións que consideren oportunas achegando, de ser o caso, os documentos que as fundamenten. Os escritos deberán presentarse nas oficinas da Xunta de Galicia ou por calquera dos medios establecidos na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*. Se desexa facer a presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia pode presentar os escritos xunto coa solicitude xenérica (servizo PR004A).

Data: xoves, 18 de xullo de 2019.

Lugar: Auditorio do Centro Multiusos (Praza de España. Mosteiro – Meis).

Horario:

Charla informativa 10:00 da mañá.

Entrega de boletíns: 11:00 a 14:00 horas no propio Auditorio.

16:00 a 18:30 horas no Centro Social da Armenteira.

Para poder recoller a documentación deberán identificarse mediante DNI ou documento equivalente.

A partir dese día poderán consultar os planos e modelos de escritos:

- No Centro Social da Armenteira (ver calendario e horarios anexos).
- Na oficina do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra (Avda. María Victoria Moreno, 43, 2º, Pontevedra).
- Na seguinte páxina web da Consellería do Medio Rural:

http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/infraestruturas/concentracions_parcelarias/publicacions

Pontevedra, a enxeñeira agrónoma
Cristina Moo García
(sinatura dixital)



Nota: para resolver as dúbidas que se poidan presentar, persoal da empresa contratada estará a súa disposición no Centro Social da Armenteira segundo o calendario anexo.





CALENDARIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO

ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN MARTIÑO-A ARMENTEIRA SECTOR I e SECTOR II (MEIS. PONTEVEDRA)

ENQUISAS DE BASES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA

Ponse en coñecemento de todas as persoas interesadas que, nos días e horas indicados, persoal da empresa contratada pola Consellería do Medio Rural para a elaboración das bases de reestruturación parcelaria estará a súa disposición para informalos e aclararlles as dúbidas que puidesen ter.

Centro Social da Armenteira (Lugar de Vilar - A Armenteira, enriba do Albergue de Peregrinos e á beira do Colexio Público da Armenteira)



DATA	HORARIO
Luns, 22 de xullo de 2019	10:00 a 14:00 horas e de 15:30 a 18:30 horas
Martes, 23 de xullo de 2019	
Mércores, 24 de xullo de 2019	10:00 a 14:00 horas
Martes, 30 de xullo de 2019	10:00 a 14:00 horas e de 15:30 a 18:30 horas
Mércores, 31 de xullo de 2019	
Xoves, 1 de agosto de 2019	10:00 a 14:00 horas
Martes, 6 de agosto de 2019	10:00 a 14:00 horas e de 15:30 a 18:30 horas
Mércores, 7 de agosto de 2019	

Para calquera consulta e cita fóra deste calendario deberán contactar coa empresa Eido Ingenieros no teléfono 988 218 007 ou no correo administracion@eidoingenieros.es.

Pontevedra, a enxeñeira agrónoma
Cristina Moo García
(sinatura dixital)

